Concello de AMES

CERTIFICACIÓN

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 12 de xullo de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BERTAMIRÁNS DO CONCELLO DE AMES. PAS COMPLEMENTARIO 2015.

En Xunta de Goberno Local de 11 de maio de 2018, procedeuse á clasificación de ofertas no procedemento ***de subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns do Concello de Ames. POS Complementario 2015,*** *segundo proposta da Mesa de Contratación.*

O dito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez achegada polo licitador clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o dito contrato de subministración e instalación.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable, con observacións, da Intervención Municipal, informe 282/2018, de 9 de xullo.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o contrato *para subministración e instalación du****n novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns do Concello de Ames*** *á empresa* ***Medulio Servicios y Obras SL,*** *con CIF B-70195870, e nas seguintes condicións:*

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta mil catrocentos noventa e cinco euros ***(60.495,00.- euros)*** *sen IVE.*

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de doce mil setecentos tres euros e noventa e cinco céntimos ***(12.703,95.- euros).***

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de ***15 días****, contados a partir do día da sinatura do contrato, podendo prorrogarse polo Concello se circunstancias particulares ou excepcionais así o aconsellan.*

D.- Nomear ***como director*** *de obra e coordinador de seguridade e saúde da subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns do Concello de Ames á empresa Salgado y Liñares SL.*

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.-*Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."*

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns atencioncidada@concellodeames.gal Telf: 981 883 002
15220 AMES (A Coruña) www.concellodeames.gal Fax: 981 883 925

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica do Concello (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

FIRMADO POR Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 16/07/2018) , José Manuel Miñones Conde (FECHA: 16/07/2018)
Versión imprimible
CVD: uwgJSwFLuMR40g+CN1Pr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e prace do alcalde en Ames, a luns 16 de xullo de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José Manuel Miñones Conde

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
atencioncidada@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica do Concello (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

FIRMADO POR Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 16/07/2018) , José Manuel Miñones Conde (FECHA: 16/07/2018)
Versión imprimible
CVD: uwgJSwFLuMR40g+CN1Pr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.